

## 27/05/2020

O R.D.L 19/2020 aprobado polo Consello de Ministros do 26 de maio (BOE 27-05):

1.- As operadoras de comunicacións electrónicas deberán conceder o seus aboados, si o solicitan, fraccionamento e aprazamento das débedas durante 6 meses sin interese e sin garantías.

2.- Acordos para formalizar as moratorias de deudas entre clientes e entidades financeira: tantos as que teñen garantías hipotecarias como as que non, e polo tanto detállase máis polo miúdo os requisitos nos que se deben de facer (Artigos 7 e 8).

3.-Aumentase un mes sin intereses os aprazamentos feitos de 6 meses durante o estado de alarma. Polo tanto os 4 meses primeiros non se pagan interés.

4.-O imposto de Sociedades do 2019 mantense o prazo para o 26 de xullo, aínda que as Contas Anuais se poden formular ata o un de setembro, as Xuntas Xerais poden aprobalas ata o 1 de novembro e si hai cambios ou variacións pódense presenta un novo imposto de Sociedades complementario ata o 30 de novembro, polo que cobrarán intereses. O prazo de depósito das Contas no Rexistro será ata o un de decembro (Un lío de datas!)

5.-BARES E RESTAURACION: recordar que na fase 2 é na que estamos e podese manter as terrazas ata o 50% das prazas que se tiñan, e podendo solicitar ampliación destas ao Concello.

No interior dos locais podes utilizar o 40% do seu aforo, e como pode amplialo as CCAA, a Xunta anunciou que para 1 de xuño iba a permitir o 50% do aforo.

HORARIO: en canto o horario é o que teñen os establecementos autorizados pola Xunta, salvo nas terrazas que poden ter unha hora de peche posta polo Concello, por exemplo en Ourense ata

a unha da maña.

**ASESORIA BIEITO.**